



DATOS IDENTIFICATIVOS

Avaliación de programas socioeducativos

Materia	Avaliación de programas socioeducativos			
Código	005G130V01901			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Rodríguez Villarino, Rafael			
Profesorado	Rodríguez Villarino, Rafael			
Correo-e	rrvillarino@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia trata de introducir ó alumnado na avaliación de programas co obxecto de estimar a eficacia e efectividade das intervencións sociais para, deste xeito, decidir a idoneidade da súa implementación.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas
A4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
A6	Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional
A9	Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar
A12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
A16	Elaborar e interpretar informes técnicos, de investigación e avaliación sobre accións, procesos e resultados socioeducativos
A17	Dominar as metodoloxías de dinamización social e cultural
A18	Ter capacidade para potenciar as relacións interpersoais, desenvolver habilidades de comunicación interpersoal, solidariedade e empatía
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Planificación e organización
B3	Comunicación oral e escrita na/s lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas cooficiais na comunidade galega
B4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
B8	Capacidade crítica e autocrítica
B12	Compromiso ético
B16	Liderado
B17	Iniciativa e espírito emprendedor
B18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas.	A2 A4 A6	B1 B2 B3
Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos.	A9 A12 A16	B4 B8 B12
Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional.	A17 A18	B16 B17 B18
Deseñar, aplicar e avaliar programas para a inserción social e laboral.		
Dominar as metodoloxías de dinamización social e cultural.		
Elaborar e interpretar informes técnicos, de investigación e avaliación sobre accións, procesos e resultados socioeducativos.		

Contidos

Tema	
1. A avaliación de necesidades sociais.	1.1. Concepto de Avaliación de necesidades sociais 1.2. A preocupación respecto das necesidades sociais: unha breve historia 1.3. Clasificación das necesidades sociais 1.4. Fontes de datos sobre avaliación
2. Unha aproximación aos programas de avaliación de necesidades sociais	2.1. Orixe dos programas de avaliación de necesidades sociais. 2.2. Exemplos de programas sociais e do interese pola avaliación dos mesmos 2.3. A metodoloxía na avaliación e o deseño de programas sociais.
3. Profundizando na análise da avaliación de programas sociais	3.1. Algúns aspectos clave previos o deseño e a avaliación de programas 3.2. Experiencias sobresaíntes na avaliación de programas sociais 3.3. Pasado, presente e futuro da avaliación de programas sociais
4. Deseño, efectos esperados e impacto real dos programas sociais: teoría e práctica da avaliación.	4.1. A elección da necesidade social 4.2. Planificación de metas ou obxectivos da intervención. 4.3. Anticipando os puntos clave da avaliación do programa de intervención. 4.4. Comprobando resultados e reiniciando a espiral de estudo.
5. O futuro da avaliación de programas sociais	5.1. Posibilidades e limitacións dos programas sociais e da súa avaliación. 5.2. Que se atisba no horizonte? 5.3. Reflexións e conclusións finais

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	22.5	0	22.5
Traballos tutelados	14	40	54
Presentacións/exposicións	8	25	33
Traballos e proxectos	2	25	27
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	11.5	13.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Presentacións/exposicións	Levarase a cabo mediante Internet e/ou mediante FAITIC. Tamén se levará a cabo durante as titorías.
Traballos tutelados	Levarase a cabo mediante Internet e/ou mediante FAITIC. Tamén se levará a cabo durante as titorías.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Levarase a cabo mediante Internet e/ou mediante FAITIC. Tamén se levará a cabo durante as titorías.
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Levarase a cabo mediante Internet e/ou mediante FAITIC. Tamén se levará a cabo durante as titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos e proxectos	O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita	75
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

Cada alumno/a deberá obter, polo menos o 50% da calificación en cada un dos dous apartados para superar a materia.

Os alumnos **non presenciais** poderán acadar as competencias e superar a materia a través de titorías e do seguimento individualizado.

Segunda convocatoria: aquelas competencias non superadas na primeira convocatoria serán avaliadas na segunda. Nesta segunda convocatoria avaliaranse só as probas ou aspectos non superadas na primeira.

Bibliografía. Fontes de información

Vedung, E. (1997), Evaluación de políticas públicas y programas, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Madrid

Recomendacións